# SEMAGA

## Guía para a inspección de especies sacrificadas por lotes

Novembro 2014

# Contido

**INTRODUCIÓN** ........ 3

**ACCESO Á APLICACIÓN** ........ 4

**SOPORTE** ........ 6

**PANTALLA INICIAL - SITUACIÓN ACTUAL** ........ 7

**INSPECCIÓN DE LOTES** ........ 9

**LIBROS DE SACRIFICIOS E DECOMISOS** ........ 15

**BENESTAR ANIMAL** ........ 18

**PROTOCOLOS DE SUPERVISIÓN** ........ 20

**CALENDARIO DE EVENTOS** ........ 23

**XESTIÓN DE CEAS** ........ 26

**DATOS DO MATADOIRO** ........ 27

# INTRODUCIÓN

Semaga é o sistema informático da Consellería de Sanidade que permite aos servizos veterinarios oficiais da Consellería rexistrar a información da inspección veterinaria nos matadoiros.

Inicialmente en Semaga rexistrábase de forma individualizada por animal unicamente a información da especie bovina, limitándose o rexistro da información relativa a outras especies á introdución dos seus datos agregados nos libros de sacrificios e decomisos.

Coa introdución en Semaga do rexistro da inspección por lotes amplíase a porcino, coellos, aves e pavos as especies nas que se pode facer un rexistro detallado da inspección.

**Nesta guía faise un resumo das funcionalidades da aplicación SMWEB de Semaga que son de aplicación naqueles matadoiros nos que se sacrifican especies por lotes**.

Os apartados incluídos na guía son os seguintes:

- **Acceso á aplicación**: Como acceder á aplicación, solicitudes de acceso ou cambios de matadoiro asignado.
- **Soporte**: Medios de contacto con soporte de usuarios para a resolución de dubidas ou incidencias.
- **Funcionalidades de la aplicación**:
    - Pantalla de estado actual
    - Rexistro da inspección por lotes
    - Libros de sacrificio e decomisos
    - Incidencias de benestar animal
    - Rexistro de protocolos de inspección
    - Calendario de eventos
    - Outros: Xestión de CEAs e datos do matadoiro.

# ACCESO Á APLICACIÓN

A aplicación SMWEB de Semaga é unha aplicación á que se accede mediante un navegador web:




## Acceso por INTRANET

A intranet é a rede privada do Sergas, á que están conectados os equipos dos servizos veterinarios oficiais de gran parte dos matadoiros. Nestes matadoiros a aplicación está dispoñible na dirección:

**Intranet: http://smweb**

Na intranet o navegador detecta o usuario que iniciou sesión en Windows e automaticamente permite acceder á aplicación con ese usuario, sendo posible tamén acceder cun usuario distinto:




## Acceso por EXTRANET

Cando o ordenador do servizo veterinario non está conectado á rede do Sergas, por exemplo cando se conecta mediante unha conexión cedida polo matadoiro ou por unha liña 3G, o acceso faise mediante una conexión segura ao Sergas. Neste caso sempre é necesario introducir o usuario e contrasinal do usuario:

**Extranet: https://extranet.sergas.es/smweb**




**Importante**: O acceso dende fóra da rede do Sergas (extranet) non está habilitado por defecto para tódolos usuarios, sendo necesario solicitalo dende a xefatura de zona correspondente.

Se o usuario ten máis dun matadoiro asignado na aplicación, tras identificarse na pantalla de acceso amósaselle unha pantalla na que debe elixir o matadoiro no que vai a traballar:




Nas conexións dende a intranet no caso de acceder a un matadoiro distinto ao que se está localizado fisicamente amósase una advertencia:




## Solicitudes de acceso ou cambios de matadoiro

As solicitudes de acceso a Semaga ou a reasignación de matadoiros de traballo deben realizarse a través das **xefaturas de zona**, dende as cales enviaranse ditas solicitudes ao grupo de soporte de usuarios, responsable da tramitación das mesmas.

# SOPORTE

De cara a resolve-las dúbidas e problemas técnicos que poidan xurdir no uso do sistema existe unha estrutura de soporte técnico que da servizo as 24 horas do día. Pódese contactar co grupo de Soporte de Usuarios polas seguintes canles:

| SOPORTE TÉCNICO | TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|
| SOPORTE USUARIOS | **981 956 221** | **Soporte.usuarios@sergas.es** |

## TIPOS DE INCIDENCIAS COMÚNS

Pódense clasifica-las incidencias nos seguintes casos xerais:

- **Consultas de uso e resolución de dúbidas:** Pódense realizar por correo electrónico ou por teléfono.

- **Problemas cos equipos:** Cando se trate dun problema nos equipos (PC, impresora,…) a comunicación pódese facer directamente por teléfono. O grupo de soporte de usuarios intentará resolve-lo problema vía telefónica, podendo conectarse ao equipo se este está conectado á intranet.

- **Modificación e corrección de datos:** Para solicita-la modificación ou corrección de datos é **necesario enviar un correo electrónico** no que se indiquen do xeito máis detallado posible os cambios a realizar e o motivo, así como o matadoiro e teléfono de contacto.

  Recoméndase empregar o seguinte modelo para a comunicación por correo dunha solicitude de actualización de datos no sistema (o modelo de correo pódeselle solicitar a Soporte Usuarios):

| SOLICITUDE DE ACTUALIZACIÓN DE DATOS NO SISTEMA SEMAGA | |
|---|---|
| **Matadoiro** | |
| **Urxencia** | **Baixa [X]  Alta [ ]** |
| **Solicitude Detallada** | |
| **Solicitante*** | (Soamente se é distinto ó remitente do correo) |
| **Teléfono** | |

# PANTALLA INICIAL - SITUACIÓN ACTUAL

A **pantalla inicial da aplicación** amosa o estado actual da inspección no matadoiro. No caso dun matadoiro no que non se sacrifique bovino, soamente especies por lotes, a pantalla é a seguinte:




## MENÚ DE FUNCIONALIDADES




- O menú lateral, común a tódalas pantallas, permite acceder ás funcionalidades dispoñibles, agrupadas en distintas seccións.
- Mediante as **iconas de idioma** pódese cambiar o idioma dos textos da aplicación.
- A icona **oculta o menú lateral** para deixar máis espacio ao contido da páxina.
- Os textos **Expandir Contraer** expanden ou contraen as entradas do menú.

A pantalla de situación actual componse das seguintes seccións:

## TAREFAS PENDENTES

Inclúe o recordatorio das accións que deben realizarse periodicamente, é dicir, a inspección do benestar animal e a cumprimentación dos protocolos de supervisión:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Benestar animal:** | Pendente | Rexistrar | ☐ Sen incidencias | |
| **Protocolos de supervisión:** | Diario | Semanal | Quincenal | Mensual |

No caso de que unha tarefa estea realizada amósase en cor verde:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Benestar animal:** | Realizada | | | |
| **Protocolos de supervisión:** | Diario | Semanal | Quincenal | Mensual |

Premendo sobre os respectivos recadros accedese directamente ao formulario de rexistro correspondente.

## SITUACIÓN DOS LOTES

Nesta sección unha táboa informa do estado dos lotes actuais e dos últimos 3 días:

**Situación de lotes**

| | Sen finalizar | Finalizados |
|---|---|---|
| Hoxe | 0 | 0 |
| Anteriores | 2 | 0 |
| Total | 2 | 0 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 140909-01 | Aves | +5 Kg | Cant: 500 | Sacr: 300 | Bajas: 150 |
| 140829-01 | Aves | +5 Kg | Cant: 1000 | Sacr: 700 | Bajas: 300 |

Premendo nun valor da táboa amplíase a información do lote ao que fai referencia o valor seleccionado.

## ACCESOS DIRECTOS

A sección de accesos directos contén enlaces ás funcionalidades de uso máis común na aplicación:

**Accesos directos**

**Informes:** Libro de sacrificios | Libro de decomisos
**Protocolos:** Protocolos de supervisión
**Calendario:** Protocolos | Benestar animal
**Inspeweb:** Acceso a Inspeweb

# INSPECCIÓN DE LOTES




Á pantalla de inspección de lotes accédese dende o menú *Inspección Lotes*.

A pantalla de inspección de lotes ten a seguinte estrutura:

- Un buscador de lotes por data.
- Listado de resultados da busca con botóns para agregar, editar, eliminar e exportar lotes.
- Datos do lote seleccionado no listado e os relativos a súa inspección.



## LISTADO DE LOTES

Inicialmente móstranse os lotes non finalizados, sexa cal sexa a súa data de alta, e aqueles finalizados e dados de alta no día en curso. Cando se fai unha busca móstranse os lotes dados de alta nas datas da busca e os que están pendentes de finalizar.

**Lotes**

3 elementos atopados. Páxina 1 de 1

| | LOTE | ESPECIE | CATEGORÍA | CEA | DATA REXISTRO | DATA FIN | CANTIDADE | SACRIFICADOS | BAIXAS | FINALIZADO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 140901-01 | Porcina | -50 Kg | ES320070050601 | 01/09/2014 | | 10000 | 1000 | 100 | Non |
| | 140903-01 | Porcina | -50 Kg | ES424423111122 | 03/09/2014 | | 10 | 0 | 5 | Non |
| | 141118-01 | Porcina | -50 Kg | ES320070050601 | 18/11/2014 | | 100 | 0 | 0 | Non |

NOVO LOTE | MODIFICAR LOTE | ELIMINAR LOTE | EXPORTAR

Os números de lote coloréanse segundo sexa o seu estado:

140829-01
140901-01
140903-01

Verde: Lotes finalizados
Azul: Lotes sen finalizar dados de alta no día en curso
Marrón: Lotes sen finalizar dados de alta en días anteriores

Os botóns baixo o listado permiten realizar as seguintes accións:

- NOVO LOTE: Permite dar de alta un novo lote.
- MODIFICAR LOTE: Permite modificar o lote seleccionado no listado .
- ELIMINAR LOTE: Permite eliminar o lote seleccionado no listado, só se non está finalizado .
- EXPORTAR: Permite xerar una folla excel cos datos da busca de lotes actual.

## EDICIÓN DE LOTES

Os datos dun lote están divididos en dúas seccións, unha cos datos de rexistro e outra cos datos da inspección:




Para dar de **alta** un lote os **campos obrigatorios** son:

- Especie e categoría (preseleccionados)
- Data (día en curso por defecto)
- CEA da explotación
- Cantidade de animais do lote

O **resto de campos** son opcionais inicialmente, sendo posible gardar o lote aínda que no estean cubertos.

- **Lote**: Código asignado ó lote automaticamente en Semaga, non modificable.
  Ten o formato AAMMDD-NN, onde:
  - **AA**: Ano **MM**: Mes **DD**: Día **NN**: Número de lote do día, asignado de forma secuencial
- **Código matadoiro**: (Opcional) Código de lote asignado polo matadoiro.
- **Certificado Inspección Antemortem**: Indica se o lote ven acompañado do certificado.
- **Sacrificados**: Número de animais do lote sacrificados.
- **Baixas**: Número de baixas antermortem do lote.
- **Data Fin**: Data na que se finaliza o lote.
- **Observacións**: Campos para observacións relativas tanto ó rexistro como á inspección.

Por outro lado os **DECOMISOS** realizados ao lote rexístranse nunha táboa específica. Inicialmente cando non hai decomisos só se mostra o botón de agregar un novo decomiso:




Cando se pulsa o botón de novo decomiso móstranse os campos para agregar un decomiso, mediante os cales pódese seleccionar a parte decomisada, o motivo e a cantidade decomisada:




As baixas antemortem contabilízanse como un decomiso total por baixa antemortem, non sendo posible elixir ese motivo para unha parte distinta a "Decomiso Total". Cando se cubre o campo Baixas agrégase automaticamente o decomiso equivalente á táboa:




Pódese eliminar ou modificar a cantidade dun decomiso seleccionando a fila que o conten e pulsando o botón Eliminar ou Aceptar:




**Importante**: Os decomisos grávanse no sistema no momento en que se grava o lote, é dicir, os datos dos decomisos non quedarán gardados se non se grava o lote tras introducir os decomisos.

## ESPECIES AVES E PAVOS

No caso das aves e pavos hai dúas particularidades específicas que non se dan no resto de especies.

Por unha parte existe un campo adicional **Aptos** que mostra automaticamente a diferenza entre os animais sacrificados e o número de decomisos, xa que neste caso un animal decomisado considérase como non apto, sendo posible calcular os aptos no lote como a diferenza indicada :




Por outro lado aos campos xa comentados para o resto de especies engádense os correspondentes ao rexistro de achados de benestar animal, que se mostran cando se marcan os *checks* de achados de benestar animal en orixe e en inspección postmortem:



## FINALIZACIÓN DE LOTES

Unha vez que os datos dun lote están completos o lote debe finalizarse. Para isto márcase o *check* "Lote Finalizado" e especifícase a data de finalización (por defecto o día en curso).

Data Fin 03/09/2014 ☑ Lote Finalizado

**Importante**: Para poder finalizar un lote é necesario que a suma do número de animais sacrificados e de baixas antemortem sexa igual á cantidade de animais do lote.

Un lote finalizado non poderá ser eliminado do listado, no caso ser necesario eliminar un destes lotes cumpre modificalo para quitarlle previamente a marca de finalizado e a continuación eliminalo.

## EXPORTACIÓN DE DATOS

Os datos dos lotes pódense exportar a unha folla excel mediante o botón EXPORTAR. Pulsando este botón dáse a opción de exportar a información ben dos lotes ou ben dos seus decomisos:

| | LOTE | ESPECIE | CATEGORÍA | CEA | DATA REXISTRO | DATA FIN | CANTIDADE | SACRIFICADOS | BAIXAS | FINALIZADO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 140828-01 | Aves | +5 Kg | ES320070050601 | 28/08/2014 | | 1000 | 0 | 0 | Non |
| | 140829-01 | Aves | +5 Kg | gfdkhj, | 29/08/2014 | | 1000 | 0 | 100 | Non |

Exportar Datos

Tipo de informe: ◉ Lotes ○ Decomisos

ACEPTAR CANCELAR

Os datos exportados serán os correspondentes á busca actual no listado de lotes.

# LIBROS DE SACRIFICIOS E DECOMISOS




Ós libros de sacrificios e decomisos accédese dende o menú *Informes*.

Ata a incorporación da funcionalidade de rexistro por lotes de especies era necesario introducir no sistema os datos destas especies como información agregada nas pantallas dos libros de sacrificio e decomisos. Coa introdución do rexistro por lotes agora esta información calcúlase automaticamente.

## LIBRO DE SACRIFICIOS

Nesta pantalla rexístrase a información dos sacrificios das distintas especies. A pantalla consta de dúas partes, unha para o rexistro de datos e outra para a consulta de información e obtención de informes.

Na **parte de rexistro** agora os sacrificios das especies por lotes calcúlanse automaticamente, sen posibilidade de modificalos, como se pode observar na seguinte imaxe.

| | LOTE | ESPECIE | CATEGORÍA | CEA | DATA REXISTRO | DATA FIN | CANTIDADE | SACRIFICADOS | BAIXAS | FINALIZADO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 140901-01 | Porcina | -50 Kg | ES320070050601 | 01/09/2014 | | 10000 | 1000 | 100 | Non |
| | 140903-01 | Porcina | -50 Kg | ES424423111122 | 03/09/2014 | | 10 | 0 | 5 | Non |
| | 141118-01 | Porcina | -50 Kg | ES320070050601 | 18/11/2014 | 18/11/2014 | 100 | 90 | 10 | Si |
| | 141118-02 | Porcina | +50 Kg | es000111222333 | 18/11/2014 | 18/11/2014 | 40 | 40 | 0 | Si |




**Importante**: Os datos dun lote contabilízanse no libro de sacrificios unha vez o lote está finalizado.

Na parte de **consulta e informes** pódense obter os datos por especie e categoría en varios períodos de tempo. Para obter os datos dun mes ou trimestre dun ano anterior hai que cambiar o ano no filtro correspondente.

Rexistro de Sacrificios | Consulta e Informes

**Buscar**

- Mes: Xaneiro
- Trimestre: 1
- Ano: 2014

Buscar

**Listado**

| Data | Bovina | | Porcina | | Aves | | | Equino |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Xoven (218Kg) | Pesado (+218Kg) | -50 Kg | +50 Kg | +5 Kg | 2,5-5 Kg | -2,5 Kg | Todos |
| **Marzo** | | | | | | | | |
| 03/03/2014 | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 12/03/2014 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Total | **1** | **2** | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** |
| **Xuño** | | | | | | | | |
| 23/06/2014 | 0 | 0 | 0 | 0 | 5 | 0 | 0 | 0 |
| 25/06/2014 | 0 | 0 | 950 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 26/06/2014 | 0 | 0 | 50 | 50 | 5 | 10 | 15 | 0 |
| 27/06/2014 | 0 | 0 | 30 | 50 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Total | **0** | **0** | **1030** | **100** | **10** | **10** | **15** | **0** |
| **Xullo** | | | | | | | | |
| 15/07/2014 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 18/07/2014 | 3 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Total | **4** | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** |
| **Agosto** | | | | | | | | |
| 29/08/2014 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 100 |
| Total | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** | **100** |
| **Novembro** | | | | | | | | |
| 18/11/2014 | 0 | 0 | 90 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Total | **0** | **0** | **90** | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** |
| **Total global** | **5** | **2** | **1120** | **100** | **10** | **10** | **15** | **100** |

Premendo na icona na parte inferior da táboa pódese xerar a folla impresa correspondente os datos:

**Libro de control sanitario de sacrificio**

**MATADOIRO:** M.F. Montellos **Nº RXSA:** 10.3528/C
**ENDEREZO:** Ctra. Santiago Km 3,3
**PROVINCIA:** A CORUÑA **ANO :** 2014

| SACRIFICIO | | |
|---|---|---|
| ESPECIE | CATEGORIA | Nº ANIMAIS |
| **BOVINA** | | |
| | Xoven (218Kg) | 5 |
| | Pesado (+218Kg) | 2 |
| **CAPRINA** | | |
| | +18 Kg | 0 |
| | 12-18 Kg | 0 |
| | -18 Kg | 0 |
| **OVINA** | | |
| | +18 Kg | 0 |
| | 12-18 Kg | 0 |
| | -18 Kg | 0 |
| **PORCINA** | | |
| | -50 Kg | 1120 |
| | +50 Kg | 100 |
| **AVES** | | |
| | +5 Kg | 10 |
| | 2,5-5 Kg | 10 |
| | -2,5 Kg | 15 |
| **COELLOS** | | |
| | +5 Kg | 0 |
| | 2,5-5 Kg | 0 |
| | -2,5 Kg | 0 |
| **EQUINO** | | |
| | Todos | 100 |
| **PAVOS** | | |
| | Unidades | 0 |

**OBSERVACIÓNS:**

**PROPIETARIO / XERENTE** **SERVIZO VETERINARIO OFICIAL**

**ASDO.:** ............................................ **ASDO.:** ............................................

## LIBRO DE DECOMISOS

Nesta pantalla rexístranse os decomisos realizados en cada especie. A pantalla consta de dúas partes, unha para o rexistro de datos e outra para a consulta de información e obtención de informes.

Na **parte de rexistro** agora os decomisos das especies por lotes calcúlanse automaticamente, sen posibilidade de modificalos, como se pode observar na seguinte imaxe.




| ESPECIE | PARTE | MOTIVO | CANTIDADE |
|---|---|---|---|
| Porcina | Corazón | Sarcosporidiasis | 2 |
| Porcina | Fígado | Leptospirosis | 10 |
| Porcina | CANAL P.D. | Triquinosis | 3 |
| Porcina | Dec. Total | Bajas Antemortem | 10 |

Na parte de **consulta e informes** pódense obter os datos por especie e categoría en varios períodos de tempo. Para obter os datos dun mes ou trimestre dun ano anterior hai que cambiar o ano no filtro correspondente.




| ESPECIE | PARTE | MOTIVO | CANTIDADE |
|---|---|---|---|
| Caprina | Cabeza | Pseudotuberculosis | 3 |
| Porcina | Cabeza | Cisticercosis | 8 |
| Porcina | Lingua | Cisticercosis | 100 |
| Porcina | Corazón | Sarcosporidiasis | 2 |
| Porcina | Fígado | Leptospirosis | 10 |
| Porcina | Ubres | Peste Porcina Africana | 5 |
| Porcina | CANAL P.D. | Triquinosis | 3 |
| Porcina | Dec. Total | Bajas Antemortem | 195 |
| Aves | Peza | Enfermedad de Newcastle | 20 |
| Aves | Peza | Bajas Antemortem | 25 |
| Equino | Pulmón | Procesos inflamatorios | 58 |



**Libro de control sanitario de sacrificio**

**MATADOIRO:** M.F. Montellos **Nº RXSA:** 10.3528/C
**ENDEREZO:** Ctra. Santiago Km 3,3
**PROVINCIA:** A CORUÑA **ANO :** 2014

| COMISOS | | | |
|---|---|---|---|
| ESPECIE | CANAL/VISCERA | CAUSA | Nº |
| Caprina | Cabeza | Pseudotuberculosis | 3 |
| Porcina | Cabeza | Cisticercosis | 8 |
| Porcina | Lingua | Cisticercosis | 100 |
| Porcina | Corazón | Sarcosporidiasis | 2 |
| Porcina | Fígado | Leptospirosis | 10 |
| Porcina | Ubres | Peste Porcina Africana | 5 |
| Porcina | CANAL P.D. | Triquinosis | 3 |
| Porcina | Dec. Total | Bajas Antemortem | 195 |
| Aves | Peza | Enfermedad de Newcastle | 20 |
| Aves | Peza | Bajas Antemortem | 25 |
| Equino | Pulmón | Procesos inflamatorios | 58 |

OBSERVACIÓNS:

PROPIETARIO / XERENTE SERVIZO VETERINARIO OFICIAL

ASDO.: ASDO.:

# BENESTAR ANIMAL




Á pantalla de benestar animal accédese dende o menú *Controis e Seguemento*.

Na pantalla de benestar animal pódense rexistrar as incidencias de Benestar Animal para as distintas especies. Por defecto móstrase o día actual, sendo posible buscar outro día mediante o buscador da parte superior. As incidencias agrúpanse en **incidencias no antemortem** e **incidencias no sacrificio**.




Nos días nos que non hai rexistro do benestar animal aparece o texto "**Sen rexistrar**" na parte superior dereita.

Debe rexistrase diariamente a información neste formulario de benestar animal, haxa ou non incidencias.

No caso de que non haxa incidencias debe marcarse o *check* “Sen incidencias”, para que quede constancia de que se fixo a inspección:




No caso de que si haxa incidencias estas poden corresponder ó antemortem ou ó Sacrificio. Para rexistralas pásanse á dereita nos respectivos cadros de tipos de incidencias. Cada tipo vai precedido por un prefixo que indica a que especie está asociada a incidencia.




## Informes de benestar animal

En **Informes > Benestar Animal** pódense obter informes relativos a estes rexistros de benestar animal.




A opción “*Incluír días sen incidencias*” fai que se inclúan os días nos que non houbo incidencias no informe.


XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública

**Incidencias de Benestar Animal**

galicia

**Matadoiro:** M. F. Montellos **Dende:** 25/08/2014 **ata** 31/10/2014

**12/09/2014** **Incidencias: 1**

**AnteMortem**
[BOV] Outras

**Obs. AnteMortem:** *Res ES081107839675 sacrificada in situ en cuadra de observación.*

**25/09/2014** **Incidencias: 1**

**AnteMortem**
[BOV] Non aptitude transporte

**Obs. AnteMortem:** *ES011108583580 FRACTURA TIBIA PERONE DERECHO CON SIGNOS DE PUTREFACCIÓN EN IPM. RECEPCIONADA 13:30 ATURDIDA IN SITU (CAMIÓM).El responsable de bienestar animal comunica esta incidencia.*

**Resumen**

| | |
|---|---|
| Días con incidencias: | 2 |
| Días sen incidencias: | 0 |
| Número de incidencias no proceso Antemortem: | 2 |
| Número de incidencias no proceso Sacrificio: | 0 |
| Número de incidencias totais: | 2 |
| Tipos de incidencias distintas: | 2 |

# PROTOCOLOS DE SUPERVISIÓN




Á pantalla de protocolos accédese dende o menú *Controis e Seguemento*.

O formulario de rexistro dos protocolos de supervisión é a seguinte:




- As preguntas divídense en 4 grupos segundo a periodicidade: **diario, semanal, quincenal** e **mensual**.
- Cada pregunta pode marcarse como **Correcta**, **Incorrecta** ou **Non procede**.
- No caso dos protocolos **non diarios** só se pode realizar un rexistro en cada un dos períodos. Por exemplo, se o protocolo semanal contéstase un martes xa non se poderá rexistrar un novo protocolo semanal ata a seguinte semana, se ben si que se poderá modificar o rexistrado ese martes en calquera momento.

Para **contestar as preguntas** dun protocolo púlsase o botón EDITAR, pasando ó modo de edición. As preguntas pódense contestar individualmente ou ben pulsar o botón **AUTO**, que as marca todas como correctas por defecto. Una vez cumprimentadas tódalas preguntas o botón **GARDAR** aplica os cambios.




- Cando un protocolo non está cuberto aparece como data de rexistro o texto "**Sen rexistrar**". Cando se rexistra por primeira vez aparecerá a data do día no que se rexistra.
- Para **rexistrar un protocolo dun período xa pasado**, por exemplo dun mes anterior, é necesario buscar previamente a data correspondente (na parte superior do formulario) e a continuación cubri-las preguntas.
- Pódense realizar **observacións** tanto para o protocolo completo como para cada pregunta. As preguntas nas que hai observacións pódense identificar mediante a abreviatura **OBS** xunto a pregunta.



- Cando un protocolo non está cuberto móstrase o texto da pestana en cor vermello.




- En cada protocolo móstrase un resumo do número de preguntas incorrectas, subsanadas e con observacións. Cando un protocolo foi modificado indícase tamén a data de gravación.




## Subsanación de deficiencias

Cando unha das preguntas márcase como incorrecta móstrase un *check* sobre o campo de observacións da pregunta que permite indicar se foi subsanada:




- As preguntas que foron subsanadas pódense identificar pola abreviatura SUB xunto á pregunta.
- Pódese cambiar a data de subsanación pulsando sobre a mesma:



# CALENDARIO DE EVENTOS




O calendario de eventos está dispoñible no menú *Inicio*.

O calendario amosa información do estado dos protocolos e do benestar animal nun mes concreto:




A **información** que se mostra no calendario seleccionase mediante o despregable da parte superior:




Premendo sobre un día que non conteña eventos é posible acceder directamente ó formulario de rexistro de información, ben de benestar animal ou ben dun protocolo de supervisión, para o día indicado.

## Calendario - Protocolos

Os eventos do calendario coloréanse segundo a periodicidade do protocolo e poden incluír 3 tipos de símbolos para indicar a existencia de incorreccións, subsanacións ou observacións, como se indica na lenda informativa:




Deixando o cursor sobre un evento móstranse os detalles resumidos do rexistro correspondente:




**Se se pulsa nun evento accedese ó formulario de protocolos** co protocolo correspondente preseleccionado:



## Calendario - Benestar animal

No calendario pódese seleccionar a información de benestar animal no despregable da parte superior:




Os eventos de benestar animal coloréanse segundo haxa ou non incidencias e poden incluír 2 tipos de símbolos, para indicar a existencia de observacións e o feito de que se supervisara o atordamento e sacrificio:




Deixando o cursor sobre un evento móstranse os detalles resumidos do rexistro correspondente:




Finalmente, **se se pulsa sobre un evento accedese ó formulario de benestar correspondente a ese día**.

# XESTIÓN DE CEAS




Á pantalla de xestión de CEAs accédese dende o menú *Administración>CEAS*

Esta pantalla permite consultar e modificar os datos dos CEAs dados de alta na aplicación. Mediante o formulario de busca inicial pódense localizar CEAs por distintos criterios:







Os resultados poden consultarse ou modificarse:







A táboa inferior mostra os animais rexistrados no sistema para o CEA por ano e matadoiro (só bovinos).

# DATOS DO MATADOIRO




Á pantalla de datos do matadoiro accédese dende o menú *Administración>Matadoiro*

Os **datos que constan en Semaga dun matadoiro** pódense consultar nesta pantalla. No caso de ser necesario corrixir algún dato é necesario facer unha solicitude vía Soporte Usuarios:

